

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/27	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de xullo de 2025
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 18.07.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 18 de xullo de 2025.

Expediente 88/2025. SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2025 - REXEITADAS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a entidades deportivas do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 2 de xullo de 2025 , formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes; Erea Viz Callejas, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura, Turismo e Deporte e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Vista a proposta de valoración a cada un dos clubs solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 13 de febreiro de 2025 (convocatoria do 1 de abril de 2025, BOP de Pontevedra número 67),

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

Visto que na proposta de concesión de subvención aprobada en Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025 non se incluíu na relación de entidades, o rexeitamento de dúas solicitudes por non cumprir os requisitos

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar as solicitudes presentadas polas dúas entidades que se sinalan a continuación, ao non estar incluídas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Silleda, tal e como se recolle nas bases (apartado 2. Entidades Beneficiarias) publicadas no BOP de Pontevedra número 30 de data 13 de febreiro de 2025. As dúas entidades antes sinaladas son: Silleda Motosport e Trasdeza Trail Run

SEGUNDO: Comunicar ás entidades o rexeitamento da solicitude.

Expediente 136/2025. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ACTOS DE CELEBRACIÓN DA FESTA DA EMPANADA DE SILLEDA 2025, ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a declaración de Festa de Interés Turístico Nacional da Festa da Empanda de Bandeira

Visto que a Deputación de Pontevedra concede ao Concello de Silleda un importe de ata de 7.000€ para a promoción turística da Festa no marco da axuda nominativa a concellos para o apoio, promoción das festas declaradas de interese turístico.

Vista a resolución presidencial e o convenio proposto pola Deputación de Pontevedra que se recolle a continuación:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025004077
ASUNTO	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O CONCELLO DE SILLEDA PARA LEVAR A CABO AS ACTIVIDADES DA FESTA DA EMPANADA 2025
TRÁMITE	Autorización do gasto e aprobación do convenio

A deputada delegada da área de Turismo, no exercicio das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

I. ANTECEDENTES

O Concello de Silleda, con C.I.F. nº P3605200I, presenta a través da sede electrónica, o día 24 de xaneiro de 2025, REX WEB2025003901 solicitude de subvención nominativa prevista no orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, por importe de 7.000,00 €, aplicación orzamentaria 25/433.4320.462.04, para a realización da actividade Festa da empana 2025.

O 10 de febreiro de 2025, o Servizo de Intervención emite informe de fiscalización favorable, previo á concesión da subvención.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicada no BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025*

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para levar a cabo as actividades da Festa da empanada 2025, articúlase a través do presente convenio que, a súa vez, instrumenta unha subvención nominativa, polo que deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable.

Intervención certifica que na aplicación orzamentaria 25/433.4320.462.04 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC número 2025000017492 por importe de 7.000,00 €.

3. COMPETENCIA

Por resolución Presidencial 2025000361, de 20 de enero de 2025, o Presidente delega na Deputada, María Nava Castro Domínguez, as atribucións derivadas da tramitación de expedientes do servizo de Turismo.

III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación,

RESOLVO

Autorizar o gasto de 7.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.462.04 e aprobar o convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para levar a cabo as actividades da Festa da empanada 2025, cuxo texto é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ACTOS DE CELEBRACIÓN DA FESTA DA EMPANADA DE SILLEDA 2025, ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA

En Pontevedra, na data indicada ao marxe

REUNIDOS

Dunha parte, D. Luís López Diéguez, en calidade de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, NIF P-3600000-H, en virtude do acordo plenario, de 6 de xullo de 2023 e das potestades que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases do Réxime Local, con domicilio no Pazo provincial na Avda., Montero Ríos s/n de Pontevedra, actuando en calidade de Presidente da Deputación de Pontevedra.

*Doutra parte, Dona Paula María Fernández Pena, con D.N.I. 76 *****, ostenta o cargo de Alcadesa do Concello de Silleda, C.I.F. P 3605200I, para o que foi elixida por acordo do Pleno da Corporación municipal celebrado o día 22 de xaneiro de 2024, en virtude das potestades que lle confire o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando como fedatario público do presente acto.

As partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A Festa da Empanada de Bandeira, declarada de Interese Turístico Nacional, é un dos eventos culturais e gastronómicos máis emblemáticos de Silleda e un referente no calendario festivo da deputación de Pontevedra. Co obxectivo de potenciar a súa proxección nacional e internacional, o Concello de Silleda propón accións que melloren a súa visibilidade e consolidación como atractivo turístico, empregando estratexias culturais e promocionais. O Concello de Silleda propón a promoción e consolidación da Festa da Empanada de Bandeira mediante a contratación das Bandas de Música de Silleda e Bandeira, así como accións promocionais para consolidar este evento como un referente cultural e turístico. Estas accións contribuirán ao desenvolvemento económico, social e cultural do municipio, fortalecendo a súa identidade e proxección exterior.

Segundo. De conformidade co previsto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a Deputación de Pontevedra ten competencia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias coas demais Administracións Públicas, neste ámbito. De conformidade co previsto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, os municipios teñen competencia sobre a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións públicas serven con obxectividade aos intereses xerais e deberán respectar, na súa actuación, a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas se rexen, nas súas relacións, polos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.

Cuarto. De conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer a cesión da titularidade da competencia.

Quinto. De conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 15.6 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra

relativos á concesión directa de subvencións.

Sexto. As partes asinantes coinciden na conveniencia e necesidade de xuntar esforzos e impulsar dende o ámbito de competencias das distintas entidades convenientes, iniciativas, programas, proxectos e accións conxuntas dirixidas a impulsar e mellorar o patrimonio e o turismo da provincia.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA - OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións de colaboración para a celebración das actividades da Festa da empanada de Silleda 2025, un conxunto de actividades culturais e promocionais a desenvolver do 20 ó 24 de agosto de 2025.

As accións propostas son as seguintes:

- *Contratación da Banda de Música de Silleda e da Banda de Música de Bandeira. As bandas de música son un símbolo cultural do municipio e da súa riqueza artística e crean un vínculo único coa tradición. A contratación das dúas bandas locais ten unha dobre finalidade:*

- *Promoción da identidade cultural: A súa música conecta co público de forma emocional, proxectando a esencia de Silleda e a autenticidade da Festa da Empanada.*

- *Apoio ao tecido cultural local: Incentivar e dar visibilidade ao traballo das bandas, que son un elemento esencial da cultura do Concello de Silleda.*

- *Reforzo da difusión da Festa da Empanada. A publicación de contidos específicos da Festa da Empanada en espazos con impacto supón un eixo clave á hora de comunicar de forma efectiva os seus valores e atractivos. Para realizar o reforzo da difusión da Festa da Empanada o Concello de Silleda propón a elaboración de materiais e contidos divulgativos, en formatos dixitais, publicidade ou cartelería que capten a esencia da festa, e o valor da tradición do municipio.*

SEGUNDA - COMPROMISOS DO CONCELLO DE SILLEDA

O Concello de Silleda comprométense mediante a sinatura deste convenio a desenvolver e celebrar as actividades da festa da empanada de Silleda 2025, que se vai celebrar do 20 ó 25 de agosto de 2025 no Concello de Silleda e, en particular, a cumprir as obrigas relacionadas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en particular:

- *Presentar en forma e prazo a xustificación.*

– Difundir a colaboración outorgada pola Deputación de Pontevedra. Para elo, deberá incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra no material gráfico publicitario utilizado para o evento subvencionado e deberá ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada.

– Pagar aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada.

– Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos.

– Comunicar a circunstancia producida cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.

Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016.

TERCEIRA – COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra colaborará coa actividade para a celebración das actividades da Festa da empanada de Silleda 2025 mediante unha achega por importe de 7.000,00 €.

Consideraranse gastos subvencionables os necesarios para o desenvolvemento da actividade realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso, aínda que foran realizados con anterioridade á sinatura do convenio.

Aceptaranse desviacións máximas dun 20% nos diferentes conceptos de gastos subvencionables con respecto ao orzamento inicial.

CUARTA - ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento máximo, I.V.E incluído ascende a 7.000,00 € desagregado da seguinte forma:

DESCRIPCIÓN	PREZO
Banda de música municipal de Silleda	3.000,00 €
Banda de música recreativa e cultural de Bandeira	3.000,00 €
Cartelería e inserción de publicidade en prensa para promoción da festa	1.000,00 €

TOTAL CON IVE ENGADIDO	7.000,00 €
-------------------------------	-------------------

A subvención de 7.000,00 € figura como nominativa no orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025 e será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.462.04 (Subvencións a Entidades Locais - Festas).

QUINTA - XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O Concello de Silleda deberá presentar, unha vez finalizada a actividade obxecto da subvención, no prazo de tres meses dende a realización da actividade, a seguinte documentación:

I. Xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención:

a. Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade, con expresa mención dos resultados obtidos (comprensiva no seu caso do programa, cartel anunciador, fotografías e demais documentación gráfica elaborada en/ou para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada).

b. Acreditación do cumprimento de dar difusión ao financiamento obtido.

c. Xustificación do cumprimento doutras obrigas impostas.

d. Se fose posible, indicación de se se cumpriron os obxectivos propostos.

II. Xustificación dos gastos:

a. Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: acredor e documento, importe, data de emisión e, se é posible, data na que se pagou; información, no seu caso, das desviacións con relación ao orzamento que serviu de base á concesión).

Os gastos realizados na finalidade subvencionable e que figuren na conta xustificativa serán aboados polos beneficiarios preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención, pero, en todo caso, deben ser aboados no prazo máximo de un mes dende a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

b. Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas (co "Recibín" da persoa beneficiaria da subvención e o selo do acredor; este último se fose posible), polo importe da subvención concedida; indicando para cada factura ou documento análogo: o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade, excepto no caso previsto no

apartado “d” para as administracións públicas, no caso contrario non será considerado como gasto subvencionable.

c. Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame.

d. No caso de administracións públicas (no caso de subvención para actividades) poderase aceptar a certificación do/da secretario/a ou interventor/a (ou funcionario/a competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, quedando a disposición da Deputación para o seu exame e, se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

III. Xustificación dos ingresos:

a. Detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada (indicando entidades, organismos, particulares, etc.).

b. Financiamento propio.

c. Declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou gastos da finalidade subvencionada. O incumprimento das obrigacións de xustificación levará consigo a perda da subvención.

No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% do orzamento subvencionado aboarase a parte proporcional da subvención.

O pago da subvención farase unha vez se aprobe a xustificación e non se contemplen pagos a conta ou anticipados.

SEXTA - COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS

No caso de que o beneficiario da subvención teña débedas coa Deputación de Pontevedra, estas serán compensadas co crédito recoñecido no momento de aprobación da xustificación da subvención.

SÉTIMA - COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outras Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. A tal efecto, en canto se teña coñecemento da obtención doutras

subvencións para a mesma actividade, o beneficiario deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é compatible coa axuda que se puidera conceder por outros Servizos da Deputación de Pontevedra dentro da convocatoria do Plan de Obras e Servizos 2025 (Plan Concellos) para a mesma finalidade no mesmo exercicio, en aplicación do disposto no artigo 23.9 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016.

OITAVA – REMISIÓN AO TRIBUNAL DE CONTAS

As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, todo elo no prazo e na forma establecida ao efecto.

NOVENA - VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate dos compromisos contemplados na cláusula segunda e, en todo caso, o 31 de decembro de 2025.

DÉCIMA – MECANISMOS DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL

A Deputación de Pontevedra establecerá mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes asinantes do mesmo. Ditos mecanismos resolverán os problemas de interpretación e cumprimento que puideran exporse respecto dos convenios. Todo isto en cumprimento do establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMA PRIMEIRA - NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución á xurisdición contencioso - administrativa.

Para o non disposto no presente convenio contemplarase o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da

Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016 e demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

DÉCIMA SEGUNDA-PROTECCIÓN DE DATOS

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométese a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométese a:

- *Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.*
- *Garantir que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.*
- *Non cederlles a terceiras persoas os datos de carácter persoal, salvo nos casos nos que exista unha obriga legal.*

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade. A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que se puidesen establecer na normativa ou nas decisións xudiciais con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que o requiran pola súa natureza. Deberá dársele o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMA TERCEIRA - RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

E, en proba de conformidade, asinan o presente convenio de forma dixital na data indicada á marxe."

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda a Deputación de Pontevedra

SEGUNDO: Dar conta dos presentes convenios ao departamento de Intervención.

Expediente 1068/2025. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ABANCA Y CONCELLO DE SILLEDA PARA A DIFUSIÓN DA FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO GALEGO DA TORTILLA DE LARO (SILLEDA)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a declaración de Festa de Interés Turístico Galego da Tortilla de Laro,

Visto que Turismo de Galicia da Xunta de Galicia concede ao Concello de Silleda un importe de ata de 5.000€ para a promoción turística da Festa no marco da axuda a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia (TU500A)Visto que Abanca en colaboración coa Xunta, concede 1.500€ para a difusión da festa,

Visto o convenio e anexos porpostos por Abanca, que se recollen a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ABANCA Y CONCELLO DE

En , a 15 de julio de 2025

REUNIDOS

*De una parte, Dña. Paula Fernández Pena, mayor de edad, con D.N.I. nº 768****, y,*

*de otra parte, D. José Luis Romero Quiroga, mayor de edad, con D.N.I. nº 360*****

INTERVIENEN

El/la primero/a, en nombre y representación de (en adelante, el “COLABORADOR”), en su calidad de alcaldesa del Concello de Silleda, con C.I.F. nº P3605200I y domicilio en R/ Progreso nº 41, 36540, Silleda (Pontevedra)

*Y el/la segundo/a, en nombre y representación de la entidad financiera **ABANCA Corporación Bancaria, S.A.** (en adelante, “ABANCA”), en su calidad de Coordinador Banca Institucional con C.I.F. nº A-70302039 y domicilio social en la ciudad de Betanzos (A Coruña), c/ Cantón Claudino*

Pita nº 2, 15.300.

Los intervinientes, reconociéndose recíprocamente capacidad suficiente para el otorgamiento del presente Convenio,

EXPONEN

-I-

Que el COLABORADOR es una entidad beneficiaria del mecenazgo conforme a lo dispuesto en la Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo.

-II-

Que ABANCA tiene una muy importante presencia en Galicia y colabora asiduamente con entidades, organismos y agentes sociales del tejido cultural y empresarial de todo el territorio gallego en la promoción, difusión y apoyo al conocimiento, a la investigación, a la cultura y al arte en sus más diversas facetas.

-III-

Y que, en virtud de las consideraciones anteriores, ambas partes acuerdan la firma del presente Convenio, al que resultará de aplicación las siguientes:

CLÁUSULAS

PRIMERA.- El presente Convenio de colaboración en actividades de interés general tiene por objeto regular los términos y condiciones en los que las partes prestarán su colaboración para el desarrollo de los intereses comunes.

En concreto, la colaboración se focalizará en la realización de las siguientes actividades organizadas por el COLABORADOR durante el período de vigencia del presente Convenio:

Difusión da Festa **de Interés Tursítico Galego da Tortilla de Laro (Silleda)**

Con el fin de colaborar en la realización de las citadas actividades, ABANCA asume el compromiso de efectuar la aportación económica que se indica en la Cláusula siguiente.

Por su parte, el COLABORADOR se compromete a:

a) Aplicar la aportación económica a las actividades y en los términos recogidos en los párrafos anteriores.

b) Difundir y hacer constar, de forma visible, la colaboración prestada por ABANCA en las comunicaciones o publicaciones en las que el COLABORADOR difunda información relativa a las actividades desarrolladas con la colaboración de ABANCA.

SEGUNDA.- ABANCA se compromete a entregar al COLABORADOR una aportación económica de **1.500 euros (MIL QUINIENTOS EUROS)**, en un solo plazo, a ingresar en la siguiente cuenta que el COLABORADOR mantiene en ABANCA: **ES27 2080 5443 3731 1010 0171**

Una vez recibida la referida aportación económica, el COLABORADOR expedirá a favor de ABANCA una certificación acreditativa de la aportación realizada, en los términos de lo establecido en la Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo y en su Reglamento de desarrollo.

TERCERA.- En tanto dure el presente Convenio de colaboración, la difusión de la participación de ABANCA en las actividades del COLABORADOR se llevará a cabo en los siguientes términos:

- El COLABORADOR se compromete a difundir la participación y colaboración de ABANCA mediante la inserción de su marca, denominación social o logos en cuantos rótulos, impresos, catálogos, sellos, propaganda y en cualquier otra información que se publique o edite en relación con las actividades desarrolladas con la colaboración de ABANCA. A estos efectos, ABANCA facilitará al COLABORADOR el modelo de marca o logotipo que deba ser difundido y el COLABORADOR se ajustará en todo caso y cualquiera que sea el material en el que se incluya, al diseño facilitado por ABANCA.

- El COLABORADOR se compromete a que sea mencionada la colaboración de ABANCA en todos los actos de difusión referidos a las actividades.

- ABANCA podrá hacer pública su participación en las actividades del COLABORADOR, bajo la denominación de Entidad Colaboradora del COLABORADOR.

A todos los efectos, la difusión de la participación de ABANCA en la actividad del COLABORADOR no constituirá una prestación de servicios.

CUARTA.- El COLABORADOR podrá utilizar la marca, denominación social o logos de ABANCA única y exclusivamente para la inserción de los mismos en la forma y con el alcance previstos en la Cláusula TERCERA.

No obstante, de este Convenio no resulta ni se deduce concesión, transmisión o licencia alguna relativa a los derechos de propiedad intelectual o industrial sobre los signos distintivos de los que sea titular ABANCA.

QUINTA.- La colaboración de ABANCA tendrá carácter de exclusividad en el sector, de modo que el COLABORADOR en ningún caso obtendrá ni contará con la colaboración de otras entidades

financieras distintas de ABANCA.

SEXTA.- *La vigencia de este Convenio se extenderá desde el 15 de julio hasta el 3 de agosto de 2025.*

SÉPTIMA.- *El presente Convenio tiene la naturaleza prevista en el artículo 25 de la Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo, y en ningún caso debe considerarse que persigue los fines de los contratos de patrocinio publicitario recogidos en el artículo 22 de la Ley 34/1988, de 11 de noviembre, General de Publicidad.*

OCTAVA.- *Los impuestos, tasas y otros gastos a abonar a los Organismos competentes municipales, autonómicos o estatales, cualquiera que sea su clase, que puedan gravar este Convenio o su ejecución serán por cuenta del COLABORADOR. Sin perjuicio de ello, el COLABORADOR, además, garantiza a ABANCA que ha obtenido u obtendrá las autorizaciones, permisos y licencias necesarios, cualquiera que sea su índole y alcance, para la inclusión de la marca, denominación social o logos de ABANCA de acuerdo con lo dispuesto en la Cláusula TERCERA del presente Convenio. En consecuencia, ABANCA queda liberada de cualquier responsabilidad que pudiera ponerse de manifiesto por razón de la ausencia o deficiencia de tales autorizaciones, permisos y licencias, cuya obtención, gestión y mantenimiento son de la exclusiva responsabilidad del COLABORADOR.*

NOVENA.- *ABANCA limita exclusivamente su colaboración referida a las actividades del COLABORADOR a la aportación económica comprometida en la Cláusula SEGUNDA y, por tanto, bajo ningún concepto podrá quedar vinculada ABANCA a responsabilidades de ningún tipo que pudieran derivarse de la organización y desarrollo de dichas actividades, obligándose el COLABORADOR a cubrir las citadas responsabilidades.*

Y, en prueba de conformidad con cuanto antecede, las partes firman el presente Convenio de colaboración por duplicado ejemplar, en el lugar y fecha indicados al comienzo de este documento.

ABANCA,

p.p.

D. José Luis Romero Quiroga

EI COLABORADOR,

p.p.

D./Dña. Paula Fernández Pena

ANEXO

SOLICITUDE DE ABONO

Paula Fernández Pena, alcaldesa do Concello de Silleda, Provincia de Pontevedra

Visto o protocolo de colaboración entre Abanca Corporación Bancaria SA con CIF A-70302039 e o Concello de Silleda, con P3605200I, para a celebración de Festa de Interés Turístico Galego da Tortilla de Laro, no que recolle unha colaboración por importe de 1.500€ (mil quinientos euros).

Visto que xa se remitiu tanto a Abanca:

- *Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)*
- *Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.*

SOLICITO,

O ingreso do patrocinio recollido no protocolo de colaboración na conta que o CONCELLO DE SILLEDA ten aberta en Abanca número: ES27 2080 5443 3731 1010 0171

Firma, selo e data”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e Abanca Corporación Bancaria S.A.

SEGUNDO: Dar conta dos presentes convenios ao departamento de Intervención.

Expediente 885/2025. CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES DE ESTUDOS SUPERIORES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025-2026.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Providencia de inicio do procedemento con data 26 de maio de 2025.

Vistas as bases municipais para estudantes de estudos superiores durante o curso escolar 2025-2026.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 27 de maio de 2025 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista o informe de Control financeiro con data 27 de maio de 2025.

Vista a aprobación das Bases polo Pleno con data 30 de maio de 2025.

Vista a publicación do anuncio no BOP número 107, con data 6 de xuño de 2025.

Visto que o anuncio estivo exposto polo prazo previsto, non presentándose alegación algunha e vista a certificación de auditoría deste procedemento

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedimemento de concurrencia competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe 20.000 € do orzamento municipal a cargo da aplicación orzamentaria 326-48.

TERCEIRO.- Rexistrar a información a incluír an BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES DE ESTUDOS SUPERIORES DURANTE O CURSO ESCOLAR 2025-2026

O Concello de Silleda coñecedor da realidade actual de moitas familias do municipio e consciente da necesidade de garantir a igualdade de acceso ás ensinanzas superiores, independentemente do lugar onde se resida e co ánimo de minorar o impacto que tales gastos supoñen na economía doméstica, establece as presentes bases que regulan a convocatoria de becas municipais para estudantes que cursen estudos oficiais nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

PRIMEIRA:- Obxecto.

O obxecto das presentes Bases é a concesión de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación destas bases, no Concello de Silleda que cursen os estudos establecidos no punto 5.2 na nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

SEGUNDA: - Natureza e réxime das axudas.

1.- Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

2.- Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en

réxime de concorrência competitiva, para todo as persoas que cumpra as condicións, segundo orde de entrada e ata esgotar crédito. Terán especial consideración as familias establecidas na cláusula 5.5 destas bases, priorizando estas ante outros núcleos familiares non contemplados na mesma.

3.- A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

4.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principio de publicidade, concorrência, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

5.- En ningún caso o importe da axuda poderá superar o 100% do custe do obxecto ao que vaia dirixida, nin por si mesma nin en concorrência con outras subvencións ou axuda.

6.- Estas becas son compatibles con outras axudas dirixidas ao mesmo fin.

TERCEIRA: Crédito orzamentario.

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía máxima de 20.000 euros, non podendo incrementar esta cantidade nin ser modificada ao non contemplar esta posibilidade.

CUARTA.- Importe, obxecto da axuda e gastos subvencionables

O importe máximo da subvención por beneficiario será de 500€. Os importes calcularanse, para cada beneficiario, de xeito proporcional á renda calculada de acordo coa base quinta.

Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido.

A beca poderá destinarse a sufragar os custes derivados de:

- Pagamento de matrícula
- Aloxamento
- Material educativo (incluído material informático que se destine a fins educativos e vestiario e outro material técnico, legalmente indispensable para o estudo compatible).

Non serán considerados gastos subvencionables, e polo tanto non darán dereito a axuda, os seguintes:

a) Gastos de desprazamento

Non se subvencionarán gastos derivados do transporte (como combustible, alugueiro de vehículos, etc.), agás cando se xustifique documentalmente que non existen alternativas de transporte público gratuito para a mocidade ata a localidade de estudos da persoa solicitante.

b) Gastos de manutención

Quedan excluídos os gastos relativos a comida, bebida, produtos de supermercado ou similares, tanto se se realizan de forma individual como en establecementos de restauración.

c) Gastos de carácter persoal ou alleos ao obxecto da convocatoria

Non se admitirán gastos destinados a ocio, telefonía, plataformas dixitais, vestiario, actividades recreativas ou culturais non vinculadas aos estudos, nin tampouco aqueles que non estean directamente relacionados coa formación académica ou que non poidan ser claramente identificados como material escolar.

d) Gastos non acreditados documentalmente

Non se admitirán pagamentos en efectivo sen xustificante, nin gastos que non estean acompañados da correspondente factura ou xustificante oficial

QUINTA.- Beneficiarios/as das axudas.

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran os requisitos seguintes:

1.- Estudantes empadroados/as no municipio de Silleda, polo menos un ano antes da publicación destas bases.

2. Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso académico 2025-2026 nas seguintes ensinanzas nun centro da nosa Comunidade Autónoma, e fóra do municipio de Silleda (sempre e cando as ensinanzas que se cursen non se impartan en centros do noso municipio ou non se acadara praza por motivos xustificados):

a. Ensinanzas universitarias (quedan excluídos os estudos de máster, posgrado e doutoramento)

b. Formación profesional (grao básico, medio ou superior)

c. Bacharelato, modalidade xeral e de arte

d. Ensinanzas de réximen especial

- Ensinanzas deportivas.

- Ensinanzas de idiomas (A1, B1, B2, C1, C2)

- Ensinanzas artísticas

- Música.
- Superior de Música
- Danza
- Arte Dramático
- Artes Plásticas e Deseño
- Superior de Deseño (gráfico, interior, moda, produto, ...)
- Conservación e restauración de Bens Culturais

Poderán optar a estas axudas aquelas persoas que se atopen realizando estudos en centros fóra da nosa Comunidade Autónoma, dentro de programas de mobilidade para estudantes (Erasmus+, SIGUE e convenios bilaterais de mobilidade entre centros educativos, entre outros)

3. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

Non ter débeda algunha pendente co Concello de Silleda. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

4.- Renda Familiar

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros.

A determinación da renda per cápita familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros da unidade familiar que obtiveran ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros computables da unidade familiar serán:

1. A/O solicitante.
2. Os proxenitores (nai/pai, titor/a)
3. Os irmáns solteiros e menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2024 ou de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade.
4. Os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.
5. En caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante, salvo no caso de custodia compartida. Terá tamén a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, así as súas rendas incluíranse no cómputo da renda familiar.

Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2024, a efectos de cálculo da renda per cápita familiar sumaranse a base impositible xeral e base

impoñible de aforro e o resultado dividirase entre os membros da unidade familiar.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar (o Concello comprobará a unidade familiar dos convivintes)

5.-Que a vivenda propia coa que conte a unidade familiar teña un valor catastral inferior ou igual a 40.000 euros.

6.- Non ser titular calquera dos membros da unidade familiar de ningún outro inmovble distinto da vivenda familiar, agás solar ou finca.

7.- Familias de especial consideración.

A efectos destas becas terán especial consideración os seguintes núcleos familiares:

- Familias numerosas
- Familias monoparentais
- Familias acolledoras
- Familias vítimas de violencia de xénero

SEXTA.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes para participar na convocatoria presentaranse nun prazo 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP, a través do modelo Anexo I coa documentación complementaria esixida na base sexta, no Rexistro Xeral Municipal en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h ou ben a través da sede electrónica do Concello de Silleda.

SÉTIMA.- Documentación a entregar.

Os/As solicitantes deben presentar a súa instancia segundo modelo normalizado (anexo 1), á cal deberán achegar cos seguintes documentos:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2º.- Fotocopia da matrícula do curso escolar en curso ou na súa falta certificado acreditativo expedido pola secretaría do centro.

Tratándose de alumnos/as que van matricularse trala convocatoria de setembro, bastará con que acompañen declaración xurada da súa intención de matricularse, debidamente subscribida polo alumno/a ou o seu/súa representante legal, sendo necesario que antes do día 15 de decembro presenten fotocopia do resgardo da matrícula. En caso de non remitir o documento antes da referida data considerarase que o/a interesado/a desiste da súa solicitude.

3º.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2024.

4º.- No caso de non ter presentada a declaración da renda 2024, xustificante dos ingresos netos (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións,...) dos membros computables da unidade familiar

5º.- Certificación bancaria da conta corrente, na que apareza como titular a/o solicitante da axuda ou, no seu caso, do/a titor/a legal do/a mesmo/a.

6º.- Volante de convivencia, da/o solicitante.

7º.- Documentación de valoración catastral de propiedades.

8º.-Anexo II

9º Familias de especial consideración.

Enténdense por familias de especial consideración aquelas recollidas na base 8.7

A acreditación desta condición deberá realizarse do seguinte xeito:

a) Familias numerosas: mediante a presentación do título oficial de familia numerosa en vigor no momento da solicitude.

b) Familias monoparentais: mediante certificado ou informe dos servizos sociais ou documento oficial que acredite a existencia dun único proxenitor con responsabilidade legal sobre o/a menor.

c) Familias acolledoras: mediante resolución administrativa ou xudicial que recoñeza a condición de acollida familiar vixente.

d) Familias vítimas de violencia de xénero: mediante calquera dos medios de acreditación recollidos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A documentación deberá estar en vigor no momento da solicitude ou referida ao período para o cal se solicita a axuda.

OITAVA.- Procedemento e instrución para a concesión das axudas.

1.- O procedemento para a concesión das axudas para o curso escolar 2025-2026, rexerase polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación. A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

As presentes bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións para 2025, e non constitúe unha axuda de estado nos termos previstos nos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a renda e, salvo no caso de familias de especial

consideración que terán preferencia sempre que cumpran cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios da subvención.

Non se concederán axudas finalizado o crédito orzamentario.

3.- A instrución do procedemento dependerá da Concellería de Educación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos aleatorios e incluso cruzar datos coas administracións públicas (catastro, rexistro da propiedade..)

Quedarán excluídas automaticamente as solicitudes nas que se detecte falsedade, ocultación de datos ou non se achegue toda a documentación requirida no prazo establecido.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un Presidente, un Secretario con voz pero sen voto e dous vocais. Esta Comisión de Valoración emitirá informe sobre as mesmas. En base a dito informe o Servizo instrutor formulará a proposta que, previo informe de Intervención, se someterán á aprobación pola Xunta de Goberno.

4.- A proposta será remitida á Intervención para súa fiscalización, que se realizará de Acordo co establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

5.- Os ítems de avaliación das solicitudes e proposta de axudas, responden a criterios económicos establecidos en base á renda familiar, de acordo co seguinte cadro:

Renta	Cantidade máxima da axuda
Ata 1000	500 €
De 1001 a 2000	420 €
De 2001 a 3000	350 €
De 3001 a 4000	225 €
De 4001 a 5000	175 €
De 5001 a 6000	100 €

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social se realizará sobre a declaración responsable.

6.- Non cabe posibilidade de prórroga en ningún dos prazos establecidos nestas bases.

NOVENA.- Resolución e notificación.

O acordo de resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello e na páxina web.

DÉCIMA.- Obrigas dos beneficiarios.

- 1.- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida.
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- 3.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- 4.- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.-Xustificación.

As persoas beneficiarias deberán presentar, dentro do prazo establecido na convocatoria e, en todo caso, antes do 21 de novembro de 2025, a documentación xustificativa dos gastos realizados.

A xustificación deberá incluír:

ANEXO III, que inclúe:

- a. Unha declaración xurada sobre o destino da axuda e a condición de persoa beneficiaria.
- b. A conta xustificativa, elaborada segundo o tipo de concepto subvencionado.
- c. Documentación acreditativa dos gastos realizados, como facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, en función da solicitude presentada.
- d. Documentación acreditativa do pago de ditos gastos.

11.1. Matrícula en estudos regrados

Xustificarase mediante o xustificante de pagamento da matrícula oficial expedido polo centro de estudos correspondente.

11.2. Alugueiro ou aloxamento

Dependendo da modalidade de aloxamento, deberán presentarse os seguintes documentos:

a) Piso de alugueiro individual ou compartido:

- Copia do contrato de arrendamento asinado, no que conste a persoa solicitante como arrendataria ou coarrendataria.
- Xustificantes bancarios de pagamento mensual, nos que conste o importe e o concepto (alugueiro), así como o nome da persoa arrendadora.
- Se o contrato non está a nome da persoa beneficiaria pero esta reside no inmovible, deberá presentar declaración responsable da persoa arrendadora e/ou do titular do contrato, indicando que reside na vivenda e que abona unha parte concreta do alugueiro.

b) Cuarto alugado nun domicilio particular:

- Recibo ou xustificante de pagamento mensual, acompañado dunha declaración asinada da persoa propietaria da vivenda, indicando os datos da persoa beneficiaria, a duración e o importe mensual do alugueiro.

c) Residencia de estudantes:

- Xustificante de pagamento mensual ou anual expedido pola residencia.
- No caso de pago por adiantado ou anual, deberá indicarse o período cuberto pola achega.

11.3. Material escolar e equipamento informático

a) Material escolar (libros, cadernos, útiles, etc.):

- Facturas a nome da persoa beneficiaria ou da persoa representante legal, nas que figure o detalle dos produtos adquiridos e a data de compra dentro do período subvencionable.

b) Equipamento informático (ordenadores, tablets, impresoras, etc.):

- Factura conforme ao apartado anterior.
- Adicionalmente, requirirase unha declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se comprometa a destinar o equipamento informático a usos académicos e se comprometa a non allealo durante un período mínimo de dous anos.
- Para este tipo de gasto, a subvención recoñecerá ata o 20% do importe xustificado, como criterio estándar de uso académico por entender que o curso académico alcanza como máximo dita porcentaxe de vida útil.

Xustificación do pagamento dos gastos realizados.

Os pagos deben realizarse antes da data límite de xustificación .

Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1º. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.

2º. No momento da compulsa o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)

3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

Os pagos efectivos se acreditarán co documento bancario correspondente, nos supostos de pago en metálico constará na factura “pagado” e selo e firma do establecemento

DUODÉCIMA.- Pago e garantías.

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido e xustificado, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión. En ningún caso se efectuarán pagos anticipados.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro.

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime sancionador.

As persoas beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

A non xustificación ou a xustificación inferior ao 30 % da subvención outorgada dará lugar a perda total da axuda, no suposto de xustificación parcial superior ao importe anterior aboarase o importe xustificado.

DÉCIMO QUINTA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Información relativa ao tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recadados, e que Vde. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que, Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, **en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

ANEXO I

SOLICITUDE DE BECA MUNICIPAL PARA ESTUDOS SUPERIORES, CURSO 2025-2026

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos _____ DNI _____

Enderezo _____

NºTeléfono/correo-e _____ / _____

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Curso _____

Centro _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Renda da unidade familiar 2024
- ☐ No caso de non presentar a declaración da renda 2024, xustificante dos ingresos netos das persoas que forman a unidade familiar (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións...)
- ☐ Certificación bancaria da conta corrente, na que será titular a/o beneficiaria/o da axuda ou, no seu caso, do titor legal do mesmo.
- ☐ Copia matrícula do curso escolar 2025/26 ou na súa falta certificado acreditativo da matrícula
- ☐ Copia do DNI do solicitante
- ☐ Volante de convivencia
- ☐ Valoración catastral das propiedades
- ☐ Xustificación de familia de consideración especial, de ser o caso
- ☐ Outros:

Silleda a de De 2025

Asdo.:

ANEXO II DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos _____ DNI _____ e
domicilio en _____

DECLARA

O/a abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que os membros da miña unidade familiar (de acordo cos membros computables tidos en conta para estas axudas):

Nome e apelidos	Parentesco	Idade

Silleda, a ____ de _____ de 2025
Asdo.:

ANEXO III
FASE XUSTIFICACIÓN – BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDOS SUPERIORES CURSO 20205-2026

1. DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos _____ DNI _____ e
domicilio en _____

DECLARA

O/a abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que a persoa solicitante destinou a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2. CONTA XUSTIFICATIVA

Nº	Concepto	Importe	Data de pago

Total gastos <i>(incluír varias copias da conta xustificativa de ser preciso)</i>			

Silleda, de de 2025
Asdo.:

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE